

Un código ético para os bloggers

Algúns blogueiros estiveron debatindo recentemente sobre o establecemento dunha ética na súa propia comunidade. Partindo de que non tódolos blogueiros son xornalistas e da informalidade do formato do weblog, o colectivo argumenta que non deberían ser seguidos os mesmos códigos éticos que no xornalismo. No entanto, existen blogueiros que recoñecen que debido a que os seus textos son públicos teñen certas obrigacións éticas cos seus lectores, a xente da que falan e coa sociedade en xeral.

CyberJournalist.net creou un modelo de Código ético para os *bloggers* mediante unha adaptación do Código ético da Sociedade de Xornalistas Profesionais (*Society of Professional Journalist*) para o mundo do weblog. Estas son só unhas liñas de guía que ó final serán levadas a cabo individualmente polos blogueiros mediante a escolla das súas mellores prácticas. CyberJournalist.net segue este código e insta a que os outros weblogs adopten este ou sigan prácticas similares.

A integridade é a pedra angular da credibilidade. Os blogueiros que adopten este código de principios e estos estándares de prácticas non só deben seguir as prácticas éticas ó publicar, senón que deben convencer ós seus lectores de que poden confiar neles.

CÓDIGO ÉTICO DOS BLOGUEIROS

Ser honesto e xusto

Os *bloggers* deberían ser honestos e xustos durante a produción da información, tanto na búsqueda coma na interpretación da mesma.

Os *bloggers* deberían:

- Xamais plaxiar.
- Identificar e enlazar coas fontes sempre que sexa factible. O público ten o dereito de coñecer tanta máis información sexa posible sobre a fiabilidade das fontes.
- Asegurarse que as entradas, comiñas, titulares, fotos e tódolos demais contidos non distorsionan ou falsean a realidade. Non se debe caer na simplificación excesiva dos incidentes nin na esaxeración dos mesmos.
- Nunca modificar o contido das fotos sen avisar de que foi modificada. A mellora da imaxe só se acepta para lograr claridade técnica, montaxes de marca e ilustracións fotográficas.
- Nunca publicar información que se saiba que é imprecisa e, no caso de que se publique información cuestionable, deberase aclarar que pode ser dubidosa.
- Distinguir ben entre opinión e comentario e información fáctica. A opinión escrita e a comentada non debería distorsionar o feito ou contexto.
- Distinguir entre información fáctica, opinión e publicidade e fuxir dos híbridos que poidan levar a unha confusión entre elas.

Minimización dos danos

Os blogueiros éticos tratan ás fontes e ós suxeitos como seres humanos merecedores de respecto.

Os blogueiros deberían:

- Mostrar compaixón por todos aqueles que poden verse afectados polo contido dun weblog. Usar especial sensibilidade cando o trato sexa con nenos ou con fontes e suxeitos inexpertos.
- Ser sensibles cando se busquen ou usen entrevistas e fotografías dos afectados nunha traxedia dolorosa.
- Recoñecer que a recollida e a produción de información pode causar dor e disconformidade. A búsqueda da información non é unha licenza para ser arrogante.
- Recoñecer que as persoas de a pé posúen un maior dereito ó control da información sobre eles mesmos que os oficiais públicos e outras persoas ou persoalidades que persiguen poder, influencia ou atención. Só un público primordial necesita poder xustificar a intrusión dentro da vida privada da xente.
- Amosar bo gusto. Evitar tratar de complacer a alguén intentando satisfacer a súa escabrosa curiosidade.

Ter coidado á hora de identificar a rapaces e mozos sospeitosos, vítimas de crimes sexuais e sospeitosos criminais antes de que os cargos sexan oficialmente imputados.

Ser responsable

Os *bloggers* deberían:

- Admitir os erros e correxilos adecuadamente.
- Explicar a misión de cada weblog e invitar ó diálogo co público sobre o seu contido e a conducta dos blogueiros.
- Non revelar conflitos de interese, afiliacións, actividades e axendas persoais.
- Denegar tratos de favor a anunciantes e grupos de especial interese e resistir ante a súa presión par influir no contido. Cando se produzan excepcións, identificalos totalmente como lectores.
- Ser cautelosos coas fontes que ofrecen información a cambio de favores. Cando acepten esa información, revelar os favores.
- Revelar prácticas non éticas de outros blogueiros.
- Seguir os mesmos principios que usan para xulgar ós outros.

Texto traducido de <http://www.cyberjournalist.net/news/000215.php>